

## **Convenio colectivo para a empresa Teydesa Conectores, S.A. (Ano 2001)<sup>1</sup>**

### Capítulo I

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

De acordo co establecido no título III do R.D. lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o presente convenio afectará á totalidade dos empregados e asalariados da empresa.

Sen prexuízo do anteriormente exposto e tendo en conta as especiais circunstancias e características do persoal que a continuación se enumeran, quedarán fóra do ámbito de aplicación do presente convenio.

A) O persoal que realiza traballos de alta dirección ou alta xestión na empresa.

Artigo 2º.-Vixencia, duración e prórroga.

O presente convenio aplicarase unha vez que sexa homologado pola autoridade laboral; agora ben, os seus efectos económicos retrotraeranse ó día 1 de xaneiro de 2001, independentemente da data da súa publicación no BOP. A súa duración será desde o día 1 de xaneiro de 2001 ata o 31 de decembro de 2001.

Non obstante, entenderase automaticamente prorrogado de ano en ano, ata que unha das partes o denuncie expresamente, de conformidade coa lexislación vixente e cunha antelación mínima de dous meses ó termo da vixencia deste convenio ou da prórroga en curso.

Na denuncia deberase facer constar:

Ámbito de aplicación do novo texto do convenio.

Materias de negociación debidamente analizadas.

Representación que desempeña o denunciante.

Igualmente, sinalase que durante o tempo que medie entre a data do remate dos efectos do convenio e a entrada en vigor dun novo convenio que o substitúa, se entende prorrogado este para tódolos efectos.

Artigo 3º.-Compensación e absorción.

As melloras resultantes de aplicación do presente convenio poderán ser absorvidas ou compensadas ata onde alcance o cómputo anual con aqual outras condicións de índole superior que estean establecidas pola empresa, agás pacto expreso en contrario, todo isto de conformidade co preceptuado no decreto de ordenación do salario e disposicións concurrentes.

Artigo 4º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, de luns a venres, e en ningún caso a devandita xornada podará superar un cómputo anual de 1.784 horas.

Dentro do cómputo de traballo efectivo entenderanse por comprendidos os tempos horarios empregados nas xornadas continuadas como descanso e outras interrupcións, cando por normativa legal o acorde entre as dúas partes ou pola propia organización do traballo se entendan integradas na xornada diaria de traballo. A este respecto, establécese un período mínimo de descanso de 15 minutos.

O horario establécese de luns a venres, agás o persoal a quendas que teña necesidade de compensación de horas, que de se-lo caso, poderá traballa-lo sábado ata compasa-la xornada.

Para adapta-la xornada anual, establécense os seguintes días libres remuneradas: 26 de febreiro, 30 de abril, 2 de novembro, 24 e 31 de decembro. Estes días podarán ser cambiados por acorde entre empresa e traballadores.

Artigo 5º.-Vacacións.

O período de vacacións será de 30 días naturais, sendo o salario que percibirán durante elas

---

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 122, do 25 de xuño de 2001.

igual ó dunha nómina normal de mes.

O período de desfrute das vacacións será preferentemente nos meses de verán, debendo coñecerlo traballador cunha antelación mínima de dous meses a data de inicio de desfrute. Fixaranse de común acordo entre a empresa e o traballador, e salvo acordo entre as dúas partes, serán rotativas, e sempre que non afecten os programas de produción da empresa.

Artigo 6º.-Salario e outros conceptos retributivos.

Os salarios base establecidos para cada categoría profesional son os que se fixan no anexo que se achega, primeira columna.

A gratificación de carencia de incentivos aboarase pola segunda columna do anexo salarial e por día efectivo de traballo, entendendo o sábado como día efectivamente traballado.

Artigo 7º.-Permisos retribuídos e non retribuídos.

Establécese un permiso retribuído nos casos que se indica ou polo período que a continuación se sinala:

-Por matrimonio do traballador: 15 días naturais.

-Por matrimonio de fillos: 2 días naturais.

-Por nacemento de fillos: segundo a lexislación vixente.

-Por morte ou enfermidade grave do cónxuxe, pais, irmáns, pais políticos, avós, netos e fillos: o tempo necesario, como mínimo, dous días hábiles.

-Pola morte de irmáns políticos, avós políticos e tíos: 2 días naturais.

-Pola morte de tíos políticos: un día natural.

-Por consulta tempo necesario con xustificación.

A asistencia a exames, entregando xustificación, será sen dereito a retribución, e concedida polo tempo necesario para a realización destes.

Artigo 8º.-Desprazamentos e axudas de custo.

Se por razóns técnicas e organizativas a empresa ten que trasladar os seus produtores a prestar en servizos a outros centros de traballo, aboaralles por axuda de custo completa a cantidade de 3.767 pesetas e por media axuda de custo 1.886 pesetas.

Artigo 9º.-Traballos especiais.

Aplicarase o preceptuado no artigo 77 da ordenanza laboral para a industria siderometalúrxica, sendo as porcentaxes do 25, 30, e 35%, en lugar das sinaladas na mencionada norma.

Artigo 10º.-Comité de seguridade e hixiene.

A empresa obrígase ó cumprimento inescusable das normas de seguridade e hixiene no traballo, en materia de aseos, vestiario, dotacións sanitarias de urxencia, duchas, etc., de conformidade coa ordenanza de seguridade e hixiene vixente. Para tal efecto designaranse dous membros como vixilantes de seguridade e hixiene, que serán elixidos polos traballadores fixos do cadro de persoal.

As funcións do comité de seguridade e hixiene serán asegurar os dereitos dos traballadores canto ás cuestións relacionadas coa seguridade e hixiene no traballo fixadas pola lei ou convenio entre ámbalas partes. Os membros do comité non terán dereito a horas retribuídas.

Artigo 11º.-Período de proba.

O período de proba será de 15 días para os seguintes traballadores: peón, especialista, oficial de 3ª oficial de 2ª e oficial de 1ª. Para as demais categorías aplicarase o establecido no Estatuto dos traballadores.

Artigo 12º.-Roupa de traballo.

Ó persoal afectado polo presente convenio entregaralle a empresa unha peza de roupa de traballo ou funda cada seis meses, sendo obrigatorio o seu uso cando o traballo o requira. As devanditas pezas de roupa serán en todo momento propiedade da empresa, e o traballador está abrigado á boa conservación e uso, podendo a empresa facer constar nas devanditas pezas o seu

anagrama ou a súa actividade.

Así mesmo, segundo o posto de traballo, a empresa darálle -los elementos e medios necesarios esixidos legalmente para protección, debendo utilizalos o traballador na realización das súas tarefas.

Artigo 13º.-Gratificacións extraordinarias.

O persoal afecto ó presente convenio percibirá dúas pagas extraordinarias que se farán efectivas o 15 de xullo e 22 de decembro.

A súa contía será dunha mensuralidade de salario real.

Artigo 14º.-Antigüidade.

Este complemento salarial de carácter persoal, consistirá en quinquenios, de contía do 6% do salario base:

Artigo 15º.-Ratificacións de toxicidade, penosidade e nocturnidade.

Aboaranse de acordo co disposto na ordenanza laboral siderometalúrxica e disposicións concordantes.

Artigo 16º.-Incapacidade laboral transitoria.

O persoal que se atope en situación de IT derivada de enfermidade común, a partir do primeiro día do segundo mes, percibirá o 100% do seu salario; no caso de hospitalización desde o primeiro día percibirá o 100%. No caso de se-la primeira baixa do ano por enfermidade común, o traballador percibirá o 75% os tres primeiros días da baixa.

Cando esta situación se derive de accidente de traballo ou accidente in itinere, desde o primeiro día aboaráselle o 100% do salario.

Artigo 17º.-Horas extraordinarias.

Axustaranse ó disposto no artigo 35 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 18º.-Póliza de seguros.

A empresa concertará unha póliza de seguros que cubra as seguintes demnizacións:

-Accidente laboral ou común do que se derive a morte do traballador: 4.500.000 pesetas.

-Idem ó anterior do que se derive a situación de incapacidade permanente, total ou absoluta ou grande invalidez: 4.500.000 pesetas.

-Ó persoal de nova incorporación non lle será de aplicación a póliza antes sinalada ata transcorridos trinta días desde a contratación.

Artigo 19º.-Premios de xubilación.

-Xubilación ós 60 anos: 6 mensuralidades.

-Xubilación ós 61 anos: 5 mensuralidades.

-Xubilación ós 62 anos: 4 mensuralidades.

-Xubilación ós 63 anos: 3 mensuralidades

Os devanditos premios só terán dereito aqueles traballadores que teñan na data do feito máis de dez anos de antigüidade na empresa.

Artigo 20º.-Gratificación de carencia de incentivos.

Establécese o aboamento desta gratificación como prima de produtividade e asistencia, ó non te-la empresa regulamentada a retribución en función de rendemento. O dereito ó percibo desta gratificación perderase totalmente ou parcialmente polas seguintes causas:

a) O 25% da gratificación de carencia de incentivos correspondente ó salario do día por falta de puntualidade de ata 5 minutos. A reincidencia deste tipo de falta gravarase co 50%.

b) O 75% da gratificación de carencia de incentivos correspondente ó salario do día por falta de puntualidade superior a 5 minutos e ata media hora.

c) O 100% por máis de media hora sen chegar a un día completo.

d) O correspondente a 2 días por cada falta de asistencia.

e) O abandono do traballo antes da hora sinalada, a non incorporación á hora xusta de comezalo e as interrupcións inxustificadas consideraranse como faltas de puntualidade para estes efectos.

#### Artigo 21º.-Productividade.

O sistema de traballo que se vaia empregar será de libre iniciativa da empresa, debendo axustarse ó previsto no presente convenio e a lexislación concordante, sen prexuízo da posterior aprobación da autoridade laboral competente.

A actividade normal de traballo é a desenvolvida polo operario medio que actúa baixo unha dirección competente, pero sen estímulo dun sistema de remuneración por rendemento e sen coacción ningunha, isto é, a cantidade de traballo desenvolvida efectivamente por un obreiro capacitado realizando unha actividade mínima normal equivalente a 4.800 km/hora e que se determinará por unha correcta cronometraxe.

A actividade normal vén determinada por 100 unidades centesimais ou 60 puntos Bedaux ou o seu equivalente noutros sistemas de medición que sexan aceptados internacionalmente.

A actividade óptima é a que pode desenvolver un traballador activo adestrado no traballo e que logre nel con seguridade un nivel de calidade e precisión fixados pola tarefa. Esta actividade está valorada en 140 unidades centesimais ou 80 Bedaux ou o seu equivalente. Será sancionable todo traballador que non alcance a actividade normal durante tres días consecutivos ou cinco alternos no período de 30 días. En cada caso a empresa, para os efectos de sanción apreciará a gravidade da falta á vista dos feitos producidos. Así mesmo, será obxecto de sanción o produtor que de maneira reiterada manteña unha actividade inferior á normal.

Establécese especificamente que a facultade de organización práctica do traballo corresponde á dirección da empresa trala ausencia sinálase entre outras as seguintes funcións:

- a) Esixencia da actividade normal fixada polo convenio.
- b) Adxudicación do número de máquinas ó traballador a rendemento normal.
- c) Mobilidade e cambio de persoal nas empresas de acordo coas necesidades de organización da produción na forma sinalada regulamentariamente.

De establece-la empresa un sistema de traballo incentivado, a actividade normal comprenderá a gratificación de carencia de incentivos fixada no anexo. Unha vez aprobado o sistema de traballo incentivado, non poderán aplicarse penalizacións ata transcorridos tres meses desde a data de implantación do sistema, considerándose o devandito espacio de tempo como período de proba.

En ningún caso poderá penalizarse a falta de produtividade e a falta de puntualidade e asistencia á vez.

#### Artigo 22º.-Medidas de fomento do emprego e da contratación laboral.

O contrato de duración determinada da modalidade de eventual por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou excesos de pedidos, regulado polo artigo 15.1º b) do Estatuto dos traballadores, segundo a redacción establecida pola Lei 63/1997, poderá ter unha duración máxima de 13 meses e medio dentro dun período máximo de 18 meses.

Esta duración máxima será aplicable tanto ós novos contratos desta modalidade asinados a partir da entrada en vigor do presente convenio como ás prórrogas dos contratos de traballo vixentes antes da súa entrada en vigor.

#### Artigo 23º.-Gratificación de xefe de equipo.

De acordo co establecido no artigo 79 da ordenanza laboral de siderometalúrxica, o xefe de equipo percibirá unha gratificación consistente nun 20% sobre o salario base da súa categoría.

#### Artigo 24º.-Excedencias.

Poderán solicitar tódolos traballadores que leven un mínimo de un ano ó servizo da empresa. A duración da excedencia poderá ser dun ano a cinco anos. A petición de excedencia farase por escrito cun mes de antelación e será resolta pola empresa afirmativamente cando non se cubrirea con contrato de interino; nos demais casos aplicarase o disposto no Estatuto dos traballadores.

#### Artigo 25º.-Traballo da muller.

Se a realización das tarefas consideradas tóxicas, penosas, molestas ou insalubres afectase á situación de embarazo ou maternidade, terán que ser excluídas para a muller.

Artigo 26º.-Servicio militar.

Durante o tempo que se preste servicio militar ou social voluntario e obrigatorio, o traballador terá dereito á reserva do posto de traballo, que se entenderá 20 días despois de licenciado, e á percepción das pagas extras, na mesma contía que se estivera traballando.

Artigo 27º.-Reserva do posto de traballo no caso de invalidez provisoria.

Os traballadores que cesaran na empresa por causas de invalidez provisoria teñen dereito a ser declarados aptos para o traballo e ser reintegrados no posto de traballo que con carácter normal ocupaban na empresa na data na que causaron baixa ou no posto adecuado ás súas condicións. Será preciso que o traballador o solicite da empresa dentro do mes seguinte á data da súa declaración de aptitude.

Artigo 28º.-Revisión médica do persoal.

A empresa efectuará unha revisión médica anual a tódolos traballadores do cadro de persoal. Estas revisións serán por conta da mutualidade correspondente ou da propia Seguridade Social.

Disposicións transitorias

Primeira.-O aumento do presente convenio para o ano 2001 será do 4,5% sobre os conceptos retributivos da táboa salarial (salario base e gratificación de carencia de incentivos), tomada como base para esta negociación.

Segunda.-Os efectos económicos do presente convenio retrotraeranse ó 1 de xaneiro de 2001, e aboaranse na nómina do mes seguinte á súa publicación no BOP.

Terceira.-As partes asinantes deste convenio son: pola parte económica José María Sargatal Raskonit e pola parte social Avelino Bangueses Bande como delegado de persoal e Xan Losada González como asesor pola CIG.

Cuarta.-En todo o non previsto no texto do presente convenio, será norma supletoria a ordenanza laboral das industrias siderometalúrxica e a lei pola que se aproba o Estatuto dos traballadores, e disposicións concordantes.

---

Táboa salarial

Grupos e categorías profesionais; persoal obreiro; salario base; gratificación por carencia de incentivos:

<b>Categoría</b>	<b>S. base</b>	<b>Gratificación</b>
Peón	3.342	876
Lavador	3.342	876
Especialista	3.347	918
Oficial 3ª	3.355	951
Oficial 2ª	3.357	1.012
Oficial 1ª	3.360	1.161
Oficial 1ª montador	3.360	1.241
Traballador menor de 18 anos	1.998	504
Persoal subalterno:		

Almaceneiro	3.342	876
Probador	3.362	1.012
Listeiro	3.355	951
Recepcionista	3.342	876
Pesador de báscula	3.342	876
Vixilante	3.342	876
Ordenanza	3.342	876
Porteiro	3.342	876
Conserxe	3.342	876
Chofer turismo	3.357	1.012
Chofer camión	3.360	1.164
Dependente aux. maior 25 anos	3.355	951
Dependente principal maior 25 anos	3.355	951
Telefonista	3.363	951
Persoal técnico		
Mestre taller	4.195	1.254
Xefe taller	4.196	1.470
Contramestre	4.196	1.254
Encargado	4.196	1.254
Titulado medio	4.196	1.470
Titulado superior	4.390	1.548
Delineante proxectista	3.811	1.470
Delineante 1ª	3.803	1.156
Delineante 2ª	3.360	1.161
Calcador reproductor	3.355	951
Técnico de laboratorio	3.811	1.254
Analista	3.811	1.254
Persoal administrativo:		
Auxiliar administrativo	3.355	951
Oficial administrativo 1ª	3.360	1.161
Oficial administrativo 2ª	3.357	1.012
Xefe administrativo 1ª	3.360	1.241
Xefe administrativo 2ª	3.360	1.165
Caixeiro	3.357	1.012
Xefe de almacén	3.360	1.164
Xefe de contabilidade	3.360	1.241
Viaxante e vendedor	3.355	951
Xefe de laboratorio	4196	1.470
ATS	4.196	1.470